

Berta Dávila intérnase na ficción do eu

Durante moitos meses, espertei cedo cada día para non escribir nada. Despois tío Carlos morreu e pensei que necesitaba buscar o principio de todo isto. Así que volví a este cuarto de hotel. Agardaba atopalo igual que o deixara a outra vez". O primeiro parágrafo de **Carrusel** (Galaxia, 2019) é xa unha especie de mapa secreto para as súas 121 páxinas. Así, no último libro de **Berta Dávila** (Compostela, 1987) hai un complexo xogo de tempos narrativos, certo enfrontamento coa finitude, a vontade de escribir contra vento e maré e a imposibilidade case física de facelo, tabús que se veñen abaixo, o outro como liberación e ás veces condena.

Daniel Salgado 06/nov./19

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/berta-davila-internase-ficcion-do-eu/20191105140748086307.html>

"Eu estaba escribindo sobre diferentes cuestións, como cabaliños nun carrusel que soben e baixan", explica Dávila a *Nós Diario*, "pero decateime de que todo xiraba arredor dun mesmo asunto concreto. Decidín que precisaba un soporte e busquei un modelo". Ese núcleo implícito era a doenza mental, o tema do que, nas súas propias palabras, a autora se agochaba. "Agora, cando lembro o tempo breve que pasei no hospital, ao tratar de facer un relato do que non posúe unha narrativa propia, vén á miña cabeza aquela canción terríbel de **Johnny Cash**, *The beast in me*", afirma a voz en primeira persoa que enfa a obra.

A escritora cavilou cada movemento co que se internaba no subxénero da autoficción ou ficción do eu. Non excesivamente practicada na literatura galega -exemplos máis ou menos recentes son *A identidade fascinada* (Galaxia, 2015), de **Antonio Piñeiro**, ou *Os xornalistas utópicos* (Xerais, 2013) e *Todo ser humano é un río* (Xerais, 2016), de **Manuel Veiga**-, asédiana a confusión e o pudor, a malinterpretación e a nugalla crítica. "*Carrusel* está moi meditado", sinala Dávila, "porque unha sabe a que tipo de preguntas se enfrontará. Mais sucede con este libro algo que me interesa: hai certa vergoña á hora de preguntar sobre a súa cuestión central [a doenza mental] de maneira directa". En todo caso, ela tomou a decisión de non respondelas. "Mais non me incomodan, sería inxenua se o fixese", engade.

Como tratar o real

De fondo opera un problema clásico da escrita, como trata a literatura o real. Dávila, ademais poeta con inclinación ao ton confesional, xa pelexou con el noutros traballos. "Está aí desde os poemas de *Raíz da fenda* (Xerais, 2013). Ou mesmo desde algún relato de *A arte do fracaso* (Barbantesa, 2010), en que unha muller dirixía unha carta á súa avoa Úrsula", indica: "A relación

entre a materia do real e a materia da ficción aparece nos meus libros cada vez con máis forza, cada vez máis espida, con menos máscaras".

É deste xeito en *Carrusel*, cuxa historia de descenso e ascensión dos poderes dunha escritora, a súa pescuda no propio pasado e nas relacións con familia e amizades, bebe da experiencia como na experiencia bebeu a poesía nidia e insondábel de **Sylvia Plath**. "*Carrusel* está marcada pola imposibilidade de escribir, aínda que eu sempre defendín que a escritura era cuestión de disciplina", anota.

Outras verdades persoais sobre o seu oficio serviron a Dávila durante os anos que tardou en elaborar este libro, premio García Barros 2019. "Sempre intentei aterme ao clásico 'hai que escribir sobre o que coñeces', di, e talvez por iso as reflexións arredor da escrita inzan as páxinas. "Canto máis procuro deixar fóra estas matinacións, máis aparecen no que escribo", resígnase. Polo demorado camiño de *Carrusel* caeron da trama varios personaxes que se dedicaban a escribir. Procedían das variantes primitivas do libro, depuradas co tempo.

"A tea do tempo"

O tempo e o mecanismo ao respecto deseñado pola autora é outro dos elementos fundamentais de *Carrusel*. "Xogo con el desde unha perspectiva emotiva e non sucesiva", afirma. A narración é como simultánea, ás veces circular pero con altos e baixos tal o propio carrusel, formulada por Dávila a xeito de tea. "Nela fanse dobreces e fragmentos da mesma acadan así intimidade absoluta", esténdese. O reto era descubrir as maneiras en que unha emoción conecta cunha música que "sentías de adolescente, escoitas nun bar e de súpeto estás tan perdida como aos 15 anos".

En *Carrusel* a epifanía destápa a *The Circle Game*, canción de **Joni Mitchel**. "Somos prisioneiros no carrusel do tempo. / Non podemos regresar, só podemos mirar atrás / cara a ese lugar de onde vimos / e ir dando voltas e voltas e voltas / no xogo do círculo", canta.